

As partes no proceso laboral

The Litigants Concerned in the Labour Process

RICARDO-PEDRO RON LATAS

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público Especial, Facultade de Dereito,
Elviña, 15071 A Coruña, España
Maxistrado suplente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

JOSÉ-FERNANDO LOUSADA AROCHENA

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público, Facultade de Dereito,
Elviña, 15071 A Coruña, España
Maxistrado especialista da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Recibido: 30/06/2015

Aceptado: 20/07/2015

Resumo

Neste artigo analízanse as partes no proceso laboral. En concreto, estúdase a regulación actual das devanditas partes na nova Lei reguladora da xurisdición social, a través dunha sistemática centrada en clarificar a complexa armazón xurídico-procesual vixente no noso dereito adxectivo.

Palabras chave: xuíces, Lei reguladora da xurisdición social, partes procesuais, proceso social.

Abstract

This article discusses the litigants concerned in the labour process. In particular, we study the current regulation about the persons under a court's jurisdiction in the new Social Jurisdiction Regulatory Act, through a systematic focus on clarifying the complex legal and procedural framework in force in our adjective law.

Keywords: *Judges, Social Jurisdiction Regulatory Act, Litigants, Labour process.*

Dentro do libro primeiro, «Parte xeral», da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (en diante LRXS), no título II, comprensivo dos arts. 16 a 24, co rótulo «Das partes procesuais», é onde, ao longo de tres capítulos, se desenvolve o relativo á «capacidade e lexitimación procesual» (capítulo I), a «representación e defensa procesuais» (capítulo II) e a «intervención e chamada a xuízo do Fondo de Garantía Salarial» (capítulo III). Trátase dun heteroxéneo conxunto de preceptos que, ademais de todo o relativo á capacidade, a lexitimación e a postulación procesual das partes no proceso laboral, regulan *in extenso* a intervención en xuízo do Fondo de Garantía Salarial (en diante FOGASA).

1. Precisións conceptuais: partes e interesados. A figura do coadxuvante

Mentres nos procesos de cognición civís as partes son o demandante e o demandado, o art. 80.1.b) da LRXS só se refire por ese nome a unha delas, en concreto, á parte actora, ao esixir entre os requisitos da demanda que se designe o «demandante», obviando así toda referencia ao demandado. É certo que ao longo do texto legal se poden atopar múltiples referencias a el (por exemplo, no art. 19 da LRXS, relativo á «pluralidade de demandantes ou demandados»), mais o lexislador social preferiu utilizar o termo de «interesado» no artigo destinado a fixar os requisitos da demanda —«e daqueles outros interesados que deban ser chamados ao proceso», di o art. 80.1.b) da LRXS— para englobar os distintos suxeitos que poden intervir no proceso social. E é que unha das peculiaridades da xurisdición social resulta ser a concorrencia en xuízo dunha pluralidade de partes con carácter tanto voluntario como obrigatorio. O problema á hora de diferenciarmos cada unha das posibles partes interesadas no preito laboral preséntase ante a profusión semántica da LRXS, que usa distintos sinónimos para referirse a eses interesados que menciona o seu art. 80, tales como «partes» (art. 5.3), «litigantes» (art. 21.1), «debedores» (art. 37.1), «interesado» (art. 46.1), «destinatario» (art. 56.1), «interesado ou interesada» (art. 57.2), «intervenientes» (art. 75.4) e «coadxuvantes» (art. 177.2). E dicimos que iso supón un problema para o/a eséxeta da LRXS porque esa multiplicidade de denominacións non vén acompañada polo rigor técnico esixible a unha norma de natureza procesual. En efecto, a LRXS sofre unha total ausencia de rigor técnico á hora de se referir a aqueles suxeitos que poden ser parte nos procesos ante os tribunais laborais, ao servirse de maneira totalmente arbitraria das distintas denominacións a que fixemos referencia. Así, mentres que en ocasións alude aos interesados de maneira xenérica, ou ao interesado e á interesada (por exemplo, no art. 57.2), noutras ocasións diferencia os interesados do Ministerio Fiscal (por exemplo, no art. 82.2).

Con todo, a clasificación máis aproximada ao que quere o lexislador laboral pode efectuarse establecendo unha clase xenérica de partes, que serían os intervenientes, en que se englobarían todos aqueles suxeitos que poden ser parte nos procesos laborais. Dentro deste xénero poderíamos incluír as seguintes especies:

a) Os interesados, que serán o demandante ou actor, isto é, aquel suxeito que exercita unha acción proveniente dun mesmo título ou causa de pedir; e o demandado, isto é, aquel suxeito fronte ao cal pode facerse efectiva a tutela xudicial solicitada en demanda.

b) Os intervenientes necesarios, aqueles que deberán ser chamados ao proceso de acordo co disposto na LRXS, como son o Ministerio Fiscal, nos procesos de impugnación de convenios colectivos e nas impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou a súa modificación e a tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas (arts. 164.6 e 165.4, 173.3 e 176 e 177.3, respectivamente, da LRXS); e o FOGASA, cando resulte necesario (segundo o art. 23 da LRXS).

c) Os intervenientes voluntarios, aqueles que poden comparecer en xuízo, mais aos cales non é preciso convocar expresamente. Por exemplo, os sindicatos máis representativos a que se refiren os arts. 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, que poden presentarse como partes no proceso de conflito colectivo, aínda que non o promovesen, o que non esixe a súa citación previa ao xuízo (STS do 15 de novembro de 2001, RCU 1190/2001); ou as entidades xestoras da Seguridade Social e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, na modalidade procesual de prestacións da Seguridade Social e, en xeral, nos procedementos en que teñan interese por razón do exercicio das súas competencias (art. 141.1 da LRXS).

d) Os que a LRXS denomina como coadxuvantes, aínda que sen definilos.

A do coadxuvante é unha figura singular, actualmente propia do proceso social, aínda que proveniente do contencioso-administrativo, o cal, curiosamente, renega hoxe dela. Así, na exposición de motivos da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, chega a afirmarse que «carece de sentido manter a figura do coadxuvante, cando ningunha diferenza hai xa entre a lexitimación por dereito subxectivo e por interese lexítimo». A LRXS, en cambio, mantén esa figura adaptándoa desde a súa fonte primixenia, isto é, a Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que a entendía como «calquera persoa que tiver interese directo no mantemento do acto ou disposición que motivaren a acción contencioso-administrativa» (art. 30.1), aínda que cunha particular e limitada posición procesual, xa que, entre outras cousas, non se lle permitía «interpoñer recurso de

apelación [...] con independencia das partes principais» (art. 95.2). A LRXS menciona esta figura en dúas ocasións. A primeira, na modalidade procesual de impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos (art. 167 e ss. da LRXS), en concreto, nos procesos de impugnación da resolución denegatoria do depósito dos estatutos dos sindicatos, onde se lles reconece lexitimación «para impugnar a resolución administrativa [a]os representantes do sindicato, e os seus afiliados poderán comparecer como coadxuvantes» (art. 172.2 da LRXS), malia que sen máis precisións. A segunda, na modalidade procesual de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas (art. 177 e ss. da LRXS), xa que naqueles casos en que lle corresponda ao/á traballador/a como suxeito lesionado a lexitimación activa como parte principal, a norma permite «comparecer como coadxuvantes o sindicato a que este pertenza, calquera outro sindicato que teña a condición de máis representativo, así como, en supostos de discriminación, as entidades públicas ou privadas entre cuxos fins se encontre a promoción e defensa dos intereses lexítimos afectados» (art. 177.2 da LRXS), aínda que –aquí xa si– limitando a súa intervención no preito, por canto que «non poderán comparecer, impugnar nin continuar o proceso contra a vontade do traballador prexudicado» (art. 177.2 da LRXS).

2. A capacidade para ser parte

Dado que o capítulo I do título II do libro primeiro da LRXS se limita a regular, no art. 16, a «capacidade procesual e representación», e, no art. 17, a «lexitimación», non se ten en consideración ningunha norma especial establecida para o proceso laboral no tocante á capacidade para ser parte –que é un concepto paralelo ao de capacidade xurídica empregado no dereito substantivo–, polo que o seu réxime xurídico debe buscarse no art. 6 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro de axuizamento civil (en diante LAC), e no resto de preceptos dedicados a iso, isto é, os arts. 7 a 9 da LAC, onde polo que aquí interesa destacar se lles reconece a capacidade para ser parte ás persoas físicas; ao concibido non nacido; ás persoas xurídicas; ás masas patrimoniais –ou aos patrimonios separados que carezan transitoriamente de titular ou cuxo titular fose privado da súa facultade de disposición e administración–; ás entidades que, non cumprindo os requisitos legalmente establecidos para se constituíren en persoas xurídicas, estean formadas por unha pluralidade de elementos persoais e patrimoniais postos ao servizo dun fin determinado, e ás entidades sen personalidade xurídica a que a lei lles reconece a devandita capacidade.

3. A capacidade procesual ou para comparecer en xuízo

A capacidade procesual nos procesos laborais –que é un concepto paralelo ao de capacidade de obrar usado no dereito substantivo–, ou o que é igual, a capacidade para comparecer en xuízo en defensa de dereitos e intereses lexítimos, e que tamén se denomina en ocasións co equívoco nome de lexitimación *ad processum*, outórgallelo a LRXS a todos aqueles suxeitos individuais que «se encontren no pleno exercicio dos seus dereitos civís» (art. 16.1 da LRXS). En caso de que non sexa así, deberán comparecer «os seus representantes lexítimos ou os que deban suplir a súa incapacidade conforme a dereito» (art. 16.4 da LRXS), o que nos remite ao art. 7 da LAC (así, por exemplo, as persoas físicas que non se atopen no pleno exercicio dos seus dereitos civís terán que comparecer mediante a representación ou coa asistencia, a autorización, a habilitación ou o defensor esixidos pola lei). Tratándose de: 1) persoas xurídicas, «comparecerán aqueles que legalmente as representen» (art. 16.5 da LRXS); 2) entidades sen personalidade ás cales a lei lles recoñeza capacidade para ser parte, «comparecerán aqueles que legalmente as representen en xuízo» (art. 16.5 da LRXS); 3) masas patrimoniais ou patrimonios separados carentes de titular ou cuxo titular fose privado da súa facultade de disposición e administración, «comparecerán aqueles que conforme a lei as administren» (art. 16.5 da LRXS); 4) entidades que, non cumprindo os requisitos legalmente establecidos para constituírse en persoas xurídicas, estean formadas por unha pluralidade de elementos persoais e patrimoniais postos ao servizo dun fin determinado, «comparecerán aqueles que de feito ou en virtude de pactos da entidade, actúen no seu nome fronte a terceiros ou ante os traballadores» (art. 16.5 da LRXS); e 5) comunidades de bens e grupos, «comparecerán aqueles que aparezan, de feito ou de dereito, como organizadores, directores ou xestores deles, ou no seu defecto, como socios ou partícipes deles e sen prexuízo da responsabilidade que, conforme a lei, poida corresponder a estas persoas físicas» (art. 16.5 da LRXS).

Nese último caso, resulta rechamante que a LRXS aluda ás comunidades de bens e «grupos» (así, sen máis), cando a LAC garda silencio ao respecto. No entanto, a doutrina científica admite con toda naturalidade a plena operatividade do disposto na norma procesual laboral, que resulta igualmente compatible co establecido na LAC en materia de capacidade para ser parte, de tal maneira que ambas as normas se complementan. A propósito de todo iso convén facermos unha precisión, relativa á mención que no art. 16.5 da LRXS se fai dos «grupos», no sentido de que a xurisprudencia laboral vén admitindo desde antigo –por exemplo, nunha xa vella STS do 31 de xaneiro de 1991– a inclusión no precepto dos grupos de empresa laborais, coa finalidade (admitida polo

Tribunal Constitucional) de «facilitar o tráfico xurídico, permitindo a posibilidade dun xuízo e unha condena do grupo sen necesidade de que sexan citados sempre todos os seus integrantes» (STC 168/2003, do 29 de setembro).

Antes afirmouse que a norma procesual laboral lles outorga capacidade procesual aos que «se encontren no pleno exercicio dos seus dereitos civís», ora ben, esta capacidade xenérica para comparecer en xuízo precisa, de acordo coa normativa civil, ser maior de dezaioito anos (art. 315 do Código civil); porén, o art. 7.b) do Estatuto dos traballadores (en diante ET) outórgalles capacidade para contrataren a prestación do seu traballo baixo determinadas condicións aos menores de dezaioito e maiores de dezaseis anos. Pois ben, para poder facer efectivo no ámbito procesual ese dereito a LRXS dedica os apartados segundo e terceiro do art. 16 a regular esta peculiar situación xurídica, e concédelles capacidade procesual aos «traballadores maiores de dezaseis anos e menores de dezaioito respecto dos dereitos e intereses lexítimos derivados dos seus contratos de traballo e da relación de seguridade social» (art. 16.2 da LRXS), e «respecto dos dereitos de natureza sindical e de representación, así como para a impugnación dos actos administrativos que lles afecten» (art. 16.3 da LRXS), cando «legalmente non precisen para a celebración dos ditos contratos autorización dos seus pais, titores ou da persoa ou institución que os teña ao seu cargo, ou obtivesen autorización para contratar dos seus pais, titores ou persoa ou institución que os teña ao seu cargo conforme a lexislación laboral ou a lexislación civil ou mercantil respectivamente» (art. 16.2 da LRXS). Do mesmo modo, outórgaselles capacidade procesual «[a]os traballadores autónomos economicamente dependentes maiores de dezaseis anos» (art. 16.2 da LRXS).

4. A lexitimación procesual

Mentres a capacidade procesual se refire á xenérica aptitude para comparecer en calquera xuízo en defensa de dereitos e intereses lexítimos –que, como dixemos, ás veces se denomina co equívoco nome de lexitimación *ad processum*–, a lexitimación procesual –ou lexitimación *ad causam*– refírese á aptitude para comparecer nun xuízo concreto en atención á relación de cada parte co obxecto do proceso, que pode ser activa se esa relación configura a aptitude para demandar, ou pasiva se esa relación configura a aptitude para ser demandado. Como non podía ser doutro modo, á vista de que o art. 24.1 da Constitución española reconece como dereito fundamental o de «todas as persoas [...] a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos», o apartado 1 do art. 17 da LRXS concédelles a

lexitimación para «exercer accións ante os órganos xurisdiccionais da orde social, nos termos establecidos nas leis» –isto é a lexitimación activa– a todos aqueles «titulares dun dereito subxectivo ou dun interese lexítimo». Tal lexitimación activa pode ser individual, de se alegar un dereito subxectivo ou un interese lexítimo individual, persoal e directo; ou colectiva, de se alegar un interese lexítimo colectivo, que pode ser persoal e directo se son identificables os prexudicados, ou difuso e indirecto se non o son.

Esta atribución xenérica de lexitimación activa, que non difire esencialmente da normativa procesual civil ou contencioso-administrativa, presenta especialidades no ámbito xudicial social que se tratan polo miúdo nos apartados 2 a 5 do art. 17 da LRXS.

4.1. Regras especiais para os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais

A LRXS preocúpase no seu art. 17.2 de atribuír lexitimación activa a sindicatos de traballadores e asociacións empresariais. Dunha maneira xenérica, no parágrafo primeiro atribúelles lexitimación «para a defensa dos intereses económicos e sociais que lles son propios», o que non resulta ser máis que un reflexo normal e rutineiro do art. 7 da Constitución española, sen ningún valor engadido. Con todo, a xurisprudencia vén esixindo desde antigo a necesidade de que esa xenérica lexitimación abstracta ou xeral dos sindicatos se proxecte dun modo particular sobre o obxecto do preito, mediante un vínculo ou unha conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercida (STC 101/1996, do 11 de xuño). Trátase, en definitiva, de lles aplicar a estas persoas xurídicas asociativas singulares a mesma esixencia que se emprega con relación a calquera outra persoa física ou xurídica para recoñecerlle a aptitude de actuar nun proceso: ter un interese lexítimo. Por tanto, para a lexitimación procesual do sindicato, en canto aptitude para ser parte nun proceso concreto ou *legitimatío ad causam*, non abonda con que este acredite a defensa dun interese colectivo ou a realización dunha determinada actividade sindical, senón que debe existir ademais un vínculo especial e concreto entre o devandito sindicato e o obxecto do debate no preito de que se tratar (STC 112/2004, do 12 de xullo). Iso, pois a previsión legal non existía na antiga Lei de procedemento laboral (en diante LPL), é o que se di agora no parágrafo segundo do art. 17.2 da LRXS, en que se lles esixe aos sindicatos¹, para o efecto de obter

¹ E así debería suceder tamén coas asociacións empresariais, aínda que a norma non as mencione de maneira expresa.

lexitimación activa en preitos en que «estean en xogo intereses colectivos dos traballadores», «implantación suficiente no ámbito do conflito» e «un vínculo entre o dito sindicato e o obxecto do preito de que se trate».

O primeiro requisito cumprirase sempre que se «posúa un nivel de afiliación adecuado no ámbito de afectación do conflito» (STS do 12 de maio de 2009, RCUUD 121/2008), é dicir, un mínimo de traballadores afiliados (ao noso entender o devandito nivel tamén dependerá do número de traballadores na empresa), mentres que o segundo existirá sempre que se constate un vínculo especial e concreto entre o devandito sindicato –os seus fins, a súa actividade etc.– e o obxecto de debate no preito de que se tratar; vínculo ou nexo que cumprirá ponderar en cada caso e que se plasma na noción de interese profesional ou económico, traducible nunha vantaxe ou nun beneficio certo, cualificado e específico derivado da eventual estimación do recurso iniciado (STC 112/2004, do 12 de xullo). Así, por exemplo, un sindicato con delegados de persoal na empresa demandada que non fosen os suficientes para poder integrar a mesa negociadora do correspondente convenio colectivo e que non teña, pola mesma razón, representantes na comisión permanente ou noutras posibles comisións derivadas daquel, contará aínda con iso con lexitimación para defender un interese real, profesional e sindical, e velar polo cumprimento da normativa pactada no devandito convenio colectivo.

Ademais, sempre que os sindicatos e as asociacións empresariais gocen de lexitimación activa nos termos expostos, a LRXS –no inciso final do parágrafo segundo do art. 17.2– permítelles «comparecer e ser tidos por parte», ou sexa, outórgalles a calidade de intervinientes voluntarios, e comparecer en calquera momento do proceso, aínda que tal intervención non fará deterse ou retroceder «o curso das actuacións» (parágrafo segundo *in fine* do art. 17.2 da LRXS). Iso supón, ao noso entender, o outorgamento da plenitude de posibilidades de alegación e defensa en preito, incluída a de interpoñer recursos ou o remedio procesual que puidese proceder.

Tamén se lexitima os sindicatos –no parágrafo terceiro do art. 17.2– para actuaren, sempre «a través do proceso de conflito colectivo», en defensa dos dereitos e intereses dunha pluralidade de traballadores indeterminada ou de difícil determinación (ou o que é igual, cando non se trate dun conflito colectivo plural, aos cales se refire agora o art. 153.1 da LRXS), ou en defensa do dereito á igualdade de trato entre mulleres e homes en todas as materias atribuídas á orde social (entendemos, de novo, que cando os afectados constitúan unha pluralidade de persoas indeterminada ou de difícil determinación). Atopámonos ante un suposto de intervención voluntaria.

Outro suposto de intervención voluntaria témolo na execución de sentenzas. O art. 240.1 da LRXS permítelles a aqueles que, sen figuraren como acredores ou debedores no título executivo (ou sen seren declarados sucesores duns ou outros), aleguen un dereito ou interese lexítimo e persoal que puidese resultar afectado pola execución que se trate de levar a cabo, intervir en condicións de igualdade coas partes nos actos que lles afecten. Pois ben, tratándose de sindicatos, ese interese lexítimo (neste caso, «interese colectivo») defínese agora no parágrafo cuarto do tan citado art. 17.2 como aquel tendente á «conservación da empresa e á defensa dos postos de traballo», como pode ocorrer ao executar sentenzas de despedimento colectivo.

4.2. Regras especiais para as organizacións de traballadores autónomos

Ao igual que sucede cos sindicatos de traballadores, o art. 17.3 da LRXS concédelles lexitimación activa –entendemos que como intervinientes voluntarios– ás «organizacións de traballadores autónomos»² para a defensa dos seus intereses colectivos, e, en particular, «para a defensa dos acordos de interese profesional asinados por elas», que son como convenios colectivos dos traballadores autónomos economicamente dependentes (véxase o art. 13 do Estatuto do traballador autónomo).

4.3. O Ministerio Fiscal

De acordo co art. 17.4 da LRXS, que repite o disposto no art. 6.1.6 da LAC, afirmase que «o Ministerio Fiscal estará lexitimado para intervir en todos aqueles supostos previstos nesta lei». Trátase dunha intervención necesaria, en canto que o Ministerio Fiscal deberá ser chamado necesariamente nos litixios relativos á impugnación de convenios colectivos (arts. 164.6 e 165.4 da LRXS, neste último caso se se tramita pola modalidade de conflito colectivo); a impugnación dos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou a súa modificación (arts. 173.3 e 176 da LRXS); e sobre tutela dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas (art. 177.3 da LRXS). En todos estes casos asume a posición de parte procesual, e de aí resulta: 1) que non é un simple informante, nin un mero coadxuvante, senón unha auténtica parte principal, en cuxa condición pode alegar, probar e recorrer con independencia das demais partes; 2) que debe ser citado ao acto do xuízo oral e a todas as demais actuacións (por exemplo,

² Aínda que sería máis correcto referirse a «asociacións de traballadores autónomos», que é a terminoloxía usada polo Estatuto do traballador autónomo no art. 19.

será citado ao incidente de medidas cautelares); 3) que a súa ausencia de citación non se suple coa remisión das actuacións para a emisión de informe; e 4) que non adopta mimeticamente a postura de demandado, senón a que, conforme o actuado no xuízo oral, resulte máis axustada ao principio de legalidade.

4.4. Lexitimación para recorrer

Por último, o art. 17 da LRXS establece no apartado 5³ o seguinte: «contra as resolucións que lles afecten desfavorablemente as partes poderán interpor os recursos establecidos nesta lei por ter visto desestimadas calquera das súas pretensións ou excepcións, por resultar delas directamente gravame ou prexuízo, para revisar erros de feito ou prever os eventuais efectos do recurso da parte contraria ou pola posible eficacia de cousa xulgada do pronunciamento sobre outros procesos posteriores». Así, é perfectamente imaxinable a existencia de supostos en que as declaracións da resolución xudicial, contidas na súa fundamentación xurídica ou nos seus feitos declarados probados, xeren un prexuízo para a parte recorrente, con independencia absoluta do contido da parte dispositiva que lle pode ser favorable (STC 157/2003, do 15 de setembro). E é que prexuízo ou gravame non equivale a vencemento, senón que pode existir aínda no caso dun pronunciamento favorable, sempre que a parte vencedora vexa denegada algunha excepción que tivese interese en soste, ou cando haxa un interese preventivo, que é o que existe cando a parte que obtivo un fallo favorable recorre para soste no recurso unha excepción material ou procesual ante o eventual recurso da parte contraria, ou incluso cando o único que se pretenda sexa modificar a relación fáctica da sentenza recorrida por error ao valorar a proba.

5. A postulación procesual

A representación das partes no preito e a súa defensa en xuízo, que non debe confundirse coa representación dirixida a completar a capacidade procesual ou para comparecer en xuízo, ou dito doutro xeito, a postulación procesual, recóllese no capítulo II do título II do libro primeiro da LRXS, nos arts. 18 a 23, relativos á «intervención en xuízo» (art. 18), a «presentación da demanda e pluralidade de demandantes ou demandados»

³ Nun lugar totalmente asistemático, xa que se trata dunha disposición común aos recursos e na súa sede lexislativa debería estar esta norma contida.

(art. 19), a «representación polos sindicatos» (art. 20), a «intervención de avogado, graduado social colexiado ou procurador» (art. 21) e a «representación e defensa do Estado» (art. 22).

5.1. Intervención en xuízo

Ao contrario do que sucede noutras xurisdicións como por exemplo a civil, na social as partes poden comparecer en preito «por si mesmas» (art. 18.1 da LRXS), sempre que estean «no pleno exercicio dos seus dereitos civís», xa que doutro modo haberá que acudir ás regras sobre representación en xuízo do art. 16.5 da LRXS e 7 da LAC, que xa vimos ao analizar a capacidade procesual. En calquera caso, as partes sempre poden conferirlle a súa representación a avogado, procurador, graduado social colexiado ou calquera persoa que se atope no pleno exercicio dos seus dereitos civís (art. 18.1 da LRXS). A representación pode outorgarse mediante poder notarial –de «escritura pública» fala o art. 18.1– ou por comparecencia *apud acta* ante o secretario xudicial. En calquera caso, aínda que para a LAC coa demanda é preciso achegar os documentos «que acrediten a representación que o litigante se atribúa» (art. 264.2 da LAC), na xurisdición social adoita facerse durante o preito, e se nel unha persoa física ou xurídica comparece atribuíndose unha determinada representación, terá que acreditala no xuízo. Con todo, se a representación se lle outorgase a un avogado, o art. 18.2 da LRXS esixe seguir os trámites previstos naqueles casos en que o demandante pretende comparecer en preito asistido de avogado, é dicir, o actor debe anunciálo na demanda, e canto ao demandado, deberá poñelo en coñecemento do xulgado ou tribunal por escrito dentro dos dous días seguintes á súa citación no xuízo.

5.2. Presentación da demanda e pluralidade de actores ou demandados

A demanda laboral pode presentarse individualmente, mais tamén de modo conxunto nun só escrito ou en varios, e neste caso a súa admisión a trámite equivalerá á decisión da súa acumulación, que non poderá denegarse salvo que as accións non sexan acumulables segundo esta lei (art. 19.1 da LRXS). Se a presentación é conxunta –o que constituirá unha excepción á norma xeral de posibilidade de comparecencia das partes por si mesmas–, os demandantes «deberán designar un representante común» (art. 19.2 da LRXS), que deberá ser necesariamente avogado, procurador, graduado social colexiado, un dos demandantes ou un sindicato, mediante «poder outorgado por comparecencia ante o secretario xudicial, por escritura pública ou mediante comparecencia ante o servizo administrativo que teña atribuídas as competencias de conciliación,

mediación ou arbitraje ou o órgano que asuma estas funcións» (art. 19.2 da LRXS). Ordena a norma ademais (aquí como o art. 264.2 da LAC) que xunto coa demanda se forneza o documento correspondente de outorgamento da representación.

Cando a acumulación de máis de dez demandas se dea con relación a un proceso xa iniciado (en que xa se presentaron varias demandas independentes), e teña lugar de oficio ou por instancia de parte por se tratar de demandas presentadas contra un mesmo demandado, ou cando unha ou varias demandas se presenten contra máis de dez demandados, «o secretario xudicial requiriraos para que designen un representante común, designación que pode recaer en calquera dos suxeitos mencionados no número anterior», isto é, en avogado, procurador, graduado social colexiado, un dos demandantes ou un sindicato (art. 19.3 da LRXS). A devandita designación efectuarase mediante comparecencia, á cal serán citados os actores polo secretario xudicial na dilixencia de acumulación, que terá lugar dentro dos catro días seguintes (art. 19.3 da LRXS), e se o día da comparecencia non asiste ningún dos citados en forma, procederase á designación do representante común, entendéndose que quen non compareza acepta o nomeamento efectuado polo resto.

Trátase, en calquera caso, dunha decisión de carácter potestativo, xa que calquera das partes pode expresar a súa vontade xustificada de comparecer por si mesma ou de designar un representante propio, diferenciado do designado de forma conxunta polos restantes actores ou demandados (art. 19.4 da LRXS). E o mesmo sucede agora –xa que a LPL gardaba silencio ao respecto– no suposto de demandas de carácter colectivo que non afecten de modo directo e individual a traballadores determinados (por exemplo, en conflito colectivo), xa que neste caso os traballadores, para os efectos de emprazamento e comparecencia no proceso, deberán encontrarse representados polos seus representantes unitarios ou, de ser o caso, sindicais, agás se aqueles que indirectamente puidesen resultar afectados polo resultado do preito deciden comparecer por si mesmos ou designar un representante propio (art. 19.5 da LRXS).

5.3. Representación polos sindicatos

As regras xerais de representación contan con especialidades –ou mellor, excepcións– se se trata dos sindicatos. Como afirmación de base, dise que os sindicatos de traballadores ou empregados públicos (entendemos que tamén as asociacións de traballadores autónomos) poderán actuar nun proceso en nome e interese dos traballadores e dos

funcionarios e o persoal estatutario afiliados a eles que así o autoricen, para a defensa dos seus dereitos individuais; recaen nos devanditos afiliados os efectos daquela actuación (art. 20.1 da LRXS), o que non é máis que unha aplicación extensiva do art. 18.1, pois se se lles permite aos traballadores conferirlle a súa representación a calquera persoa que estea en pleno exercicio dos seus dereitos civís, parece razoable incluír como posibles representantes os sindicatos. Porén, e aquí está a excepción, os sindicatos non necesitan acreditar que se lles conferiu ningunha autorización, por canto que abonda con acreditar coa demanda a condición de afiliado do representado e que se lle comunicou a vontade sindical de iniciar o preito (art. 20.2 da LRXS). A autorización presumírase concedida salvo declaración en sentido contrario do afiliado, e a única maneira de evitar a representación é que así o manfeste este expresamente (art. 20.2 da LRXS). No caso de que non se outorgase esta autorización, o/a traballador/a ou empregado/a poderá esixir en «proceso social independente» as responsabilidades que procedan (art. 20.2 *in fine* da LRXS). Tal ausencia de autorización pode manifestarse «en calquera fase do proceso», mais en todo caso «na oficina xudicial», coa expresión do afiliado de que non recibiu a comunicación do sindicato ou de que, recibida, negou a autorización de actuación no seu nome, despois do cal «o xuíz ou tribunal, logo de audiencia do sindicato, acordará o arquivo das actuacións sen máis trámite» (art. 20.3 da LRXS).

Aínda que nada ten que ver coa representación procesual, a LRXS dedica o apartado 4 do art. 20 a lles conceder o beneficio legal da xustiza gratuíta –o que exclúe igualmente o aboamento das taxas xudiciais, aínda que a norma non diga nada ao respecto– aos sindicatos, cando «exerzan un interese colectivo en defensa dos traballadores e beneficiarios da Seguridade Social». Trátase dunha norma que do punto de vista sistemático estaría mellor incluída na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (en diante LAXG). A norma tamén se preocupa por eximir os sindicatos de «efectuar depósitos e consignacións en todas as súas actuacións ante a orde social», o que non é outra cosa que a ampliación do privilexio que expresamente lles outorga a LRXS con relación aos recursos de casación e suplicación (véxase o art. 229.4), co que se evita o risco de que, en ausencia dunha concreta indicación legal, se puidese cuestionar para os titulares das accións colectivas en defensa dos intereses dos traballadores a exención de depósitos e consignacións nos recursos de reposición e noutros distintos dos de suplicación e casación. Favorécese deste modo –segundo afirma a exposición de motivos da LRXS– a intervención colectiva sindical que, nun plano de economía de recursos, fai innecesarios múltiples e custosos procesos individuais.

5.4. Intervención de avogado, graduado social colexiado ou procurador

Non só as partes poden comparecer por si mesmas nos preitos laborais sen necesidade de representante, tamén se lles permite litigar sen necesidade de acudir asistidas de avogado ou graduado social, aínda que o máis normal na práctica forense é que se lle outorgue tanto a representación como a defensa a un deses profesionais. A LRXS, no art. 21.1, é clara ao respecto: na instancia terá carácter facultativo «a defensa por avogado» –loxicamente colexiado, aínda que a norma non o indique– e «a representación técnica por graduado social colexiado»⁴. Cuestión distinta é que os traballadores queiran recorrer a sentenza, xa que en tal caso para acudir á suplicación «deberán estar defendidos por avogado ou representados tecnicamente por graduado social colexiado» (art. 21.1 da LRXS). Non resulta, no entanto, tan entendible que con ocasión do recurso de casación (así como nas actuacións procesuais ante o Tribunal Supremo) sexa «preceptiva a defensa de avogado» (art. 21.1 da LRXS), e queden excluídos os graduados sociais. Sexa como for, se ao final as partes se deciden pola asistencia e defensa en xuízo por profesional colexiado, os gastos ocasionados correrán pola súa conta (art. 21.1 *in fine* da LRXS), e deberán aboar os honorarios do letrado ou do graduado social colexiado e os «dereitos respectivos», que son as custas do xuízo a que se refire o art. 241 da LAC, xa que a norma procesual laboral garda silencio ao respecto. Cómpre termos en conta, iso si, que na xurisdición social teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta, alén daquelas persoas que acrediten insuficiencia de recursos para litigaren, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, e os traballadores e beneficiarios do sistema de seguridade social, tanto para a defensa en xuízo como para o exercicio de accións para a efectividade dos dereitos laborais en procedementos concursais (art. 2 da LAXG).

Loxicamente, ao se tratar dunha simple facultade das partes, se o demandante decide asistir a preito defendido por avogado –ou representado tecnicamente por graduado social colexiado, ou mesmo representado por procurador–, deberá manifestalo así na demanda (art. 21.2 da LRXS); e viceversa, se resulta ser finalmente o demandado o

⁴ A diferenza entre a defensa e a representación técnica semella unha simple cuestión terminolóxica para deixar sentado que os avogados manteñen o monopolio da defensa en xuízo. En calquera caso a representación técnica é algo diferente á representación dirixida a completar a capacidade procesual para comparecer en xuízo a que se refire o art. 16 da LRXS, e entendemos que leva implícita a representación da parte no preito ou a postulación procesual a que se refire o art. 18, co cal esixe poder notarial ou *apud acta*, algo que non se lle require ao avogado cando se limita á defensa en xuízo sen asumir a postulación.

que se decide pola asistencia técnica ou a representación legal, porá esta circunstancia en coñecemento do xulgado ou tribunal por escrito, dentro dos dous días seguintes ao da súa citación para o xuízo (art. 21.2 da LRXS), co obxecto de que, trasladada tal intención ao actor, este poida estar representado tecnicamente por graduado social colexiado ou representado por procurador, ou incluso designar avogado noutro prazo igual. A razón para iso non é outra que a de permitir a igualdade de armas procesuais, de tal maneira que se non é así, calquera das partes deberá indicalo no acto do xuízo efectuando a correspondente protesta, para o efecto dunha posterior solicitude de nulidade de actuacións en suplicación ou casación, malia que se prevé en tales casos que o xulgador *a quo* determine a renuncia da parte ao dereito de se valer no acto do xuízo de avogado, procurador ou graduado social colexiado (art. 21.2 da LRXS).

De acordo co art. 21.3 da LRXS, se tal circunstancia se presenta «en calquera outra actuación, diversa ao acto do xuízo», por exemplo, en conciliación, de tal maneira que calquera das partes pretenda actuar asistida de letrado, «o secretario xudicial adoptará as medidas oportunas para garantir a igualdade das partes» (art. 21.3 da LRXS). Aínda que a norma garde silencio ao respecto, resulta lóxico presumir que a previsión legal deberá ampliarse a todos aqueles supostos nos cales calquera das partes se encontre representada tecnicamente por graduado social colexiado ou representada por procurador. Nesta ocasión, a norma insta o secretario xudicial a adoptar as medidas oportunas para garantir a igualdade das partes, malia que sen concretalas; con todo, parece razoable entender que estas se encamiñarán a que a outra parte conte con similares posibilidades de representación e defensa, o que dará lugar á suspensión ou ampliación do acto procesual de que se tratar.

En calquera caso, aínda que o art. 21.1 da LRXS se refira en exclusiva ao actor, as partes poden solicitar a designación de avogado a través da quenda de oficio. Na orde social, tanto os traballadores e beneficiarios do sistema de seguridade social como os funcionarios e o persoal estatutario –estes, conforme dispón hoxe o art. 21.5 da LRXS, e sempre que a súa comparecencia no preito se efectúe na súa condición de empregados públicos– gozan do dereito á asistencia xurídica gratuíta, ao abeiro do disposto no art. 2 da LAXG, polo que a súa defensa en preito é gratuíta.

Importante é termos en conta que en tales casos haberá que suspender os prazos de caducidade ou interromper a prescrición das accións (art. 21.4 da LRXS). O *dies a quo* do prazo será, como é lóxico, o seguinte a aquel en que se solicite o dereito á asistencia xurídica gratuíta (que regula o art. 12 da LAXG); e o *dies ad quem* aquel

no cal a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta dite a correspondente resolución. Debe advertirse, no entanto, que «a solicitude de nomeamento de avogado de oficio non produce por si soa a suspensión do prazo de caducidade se, con anterioridade á notificación da devandita designación ao actor, este interpón a demanda» (STS do 18 de xullo de 2012, RCU 3449/2012). Igualmente debe terse en conta que segundo dispón o art. 21.4 da LRXS, «cando o avogado designado para un proceso considere insostible a pretensión, deberá seguir o procedemento previsto nos arts. 32 a 35 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta», o que vén supoñer, en suma, a necesidade de que o letrado o comunique á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, expoñendo os motivos xurídicos en que fundamenta a súa decisión, para que se proceda, se é oportuno, ao nomeamento dun segundo avogado.

Polo demais, o art. 21 da LRXS establece, no apartado 5, que «os funcionarios e o persoal estatutario na súa actuación ante a orde xurisdiccional social como empregados públicos gozarán do dereito á asistencia xurídica gratuíta nos mesmos termos que os traballadores e beneficiarios do sistema de seguridade social».

5.5. Representación e defensa do Estado

Tratándose do Estado ou de entidades do sector público, a súa representación e defensa en xuízo corresponderá ao corpo xurídico que sinala a normativa correspondente (art. 22.1 da LRXS). Así, por exemplo, o asesoramento e a representación e defensa en xuízo do Estado e dos seus organismos autónomos, e igualmente dos órganos constitucionais, se as súas normas internas non establecen un réxime especial propio, corresponderán aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado, segundo dispón a Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas. No caso das entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, a particularidade máis sinalada é que, ademais do Corpo de Letrados da Administración da Seguridade Social, a norma habilita a Administración pública para que en «supostos determinados» (art. 22.2 da LRXS) poida conferir a súa representación a avogado, procurador, graduado social colexiado ou calquera persoa que se encontre no pleno exercicio dos seus dereitos civís, ou ben poida «designarse avogado para o efecto» (art. 22.2 da LRXS). É dicir, que mentres que a representación en xuízo se lle pode outorgar a calquera das persoas mencionadas no art. 18 da LRXS, a defensa en xuízo só pode ser exercida por avogado, o cal –considerando que a interposición de casación ordinaria ou unificadora só pode vir asinada por un avogado, arts. 210.1 e 223.2 da LRXS– parece ter como finalidade a de poder esgotar todas as instancias xudiciais sen necesidade de modificar a defensa letrada.

6. Intervención e chamada a xuízo do FOGASA

O FOGASA goza dunha especial posición nos preitos laborais, ao se tratar dun organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, cuxa finalidade principal resulta facer efectivos, logo da instrución do expediente para a comprobación da súa procedencia, os salarios, incluídos os de tramitación, pendentes de pagamento por causa de insolvencia, suspensión de pagamentos, quebra ou concurso de acredores dos empresarios, na contía e forma e cos límites previstos no art. 33 do ET e no Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial. De aí que a LRXS dedique, dentro do título II do libro primeiro, o capítulo III á «intervención e chamada a xuízo do Fondo de Garantía Salarial», con dous heteroxéneos e amplos preceptos –arts. 23 e 24– ao longo dos cales se regulan cuestións tales como os actos de comunicación, a práctica anticipada de proba ou a execución de sentenzas.

6.1. Intervención xudicial voluntaria e necesaria do FOGASA

Ao igual que sucede cos sindicatos, a LRXS comeza a regulación do FOGASA coa afirmación xeral de que «cando resulte necesario en defensa dos intereses públicos que xestiona e para exercer as accións ou recursos oportunos, poderá comparecer como parte en calquera fase ou momento da súa tramitación, naqueles procesos dos cales se poidan derivar prestacións de garantía salarial, sen que tal intervención faga retroceder nin deter o curso das actuacións» (art. 23.1 da LRXS). Por iso, o art. 23.2 da LRXS ordena que lle sexan notificadas ao FOGASA «as resolucións de admisión a trámite, sinalamento da vista ou incidente e demais resolucións, incluída a que poña fin ao trámite correspondente, cando poidan derivar responsabilidades para este». Igualmente, o FOGASA «poderá impugnar os laudos arbitrals, as conciliacións extraxudiciais ou xudiciais, as conformidades e as transaccións aprobadas xudicialmente, se de tales títulos poden derivar obrigas de garantía salarial, para cuxo efecto a autoridade que os dite ou aprobe lle dará traslado destes nos ditos casos» (art. 23.4 *in fine* da LRXS).

En calquera deses casos, trátase dunha intervención voluntaria («poderá»), distinta das obrigatorias que recollen os apartados 2 e 4 do art. 23 da LRXS. Dun lado, «en supostos de empresas incursas en procedementos concursais, así como das xa declaradas insolventes ou desaparecidas, e nas demandas das cales poida derivar a responsabilidade prevista no número 8 do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o secretario xudicial citará como parte o Fondo de Garantía Salarial e daralle

traslado da demanda co fin de que este poida asumir as súas obrigas legais e instar o que conveña en dereito» (art. 23.2 da LRXS). E, doutro lado, «o Fondo de Garantía Salarial terá a consideración de parte na tramitación dos procedementos arbitrerais, para os efectos de asumir as obrigas previstas no artigo 33 do ET» (art. 23.4 da LRXS).

6.2. Natureza xurídica da intervención do FOGASA

Tanto se a intervención é voluntaria como se é necesaria, o FOGASA, que normalmente actuará ao lado da parte demandada, pois a absolución desta determinaría a inexistencia da súa responsabilidade, «disporá de plenas facultades de actuación no proceso como parte e pode opor toda clase de excepcións e medios de defensa, mesmo os persoais do demandado, e cantos feitos obstativos, impeditivos ou modificativos poidan dar lugar á desestimación total ou parcial da demanda, así como propor e practicar proba e interpor toda clase de recursos contra as resolucións interlocutorias ou definitivas que se diten» (art. 23.3 da LRXS). Trátase dunha novidade incorporada ao texto da LRXS, que non existía na LPL, para acabar dunha vez por todas coa polémica acerca da posición do FOGASA no proceso laboral, que se cualificaba –e pode seguir cualificándose– como atípica e peculiar, en canto que «sendo en principio un interveniente adhesivo simple», é dicir, un coadxuvante, «participa de facultades que son propias do litisconsorcio», dado que «a súa natureza xurídica pública como institución de garantía legal subsidiaria e pola defensa dos fondos públicos cuxa xestión ten encomendada [...] só pode levala a cabo eficazmente se se lle outorgan todos os poderes procesuais necesarios para iso» (STS do 22 de outubro de 2002, RCU 132/2002).

Outra novidade da LRXS fronte á LPL –que vén ser a outra cara da moeda da atribución de amplas facultades procesuais ao FOGASA, ao se lle impoñer a carga de usalas no seu momento procesual oportuno– é que, «nos supostos do número 2 deste artigo, así como cando compareza en xuízo en virtude do disposto no número 1», é dicir, nos supostos de intervención necesaria, tanto se comparece como se non, e nos supostos de intervención voluntaria, mais só se comparece, se lle impón ao FOGASA «alegar todos aqueles motivos de oposición que se refiran á existencia da relación laboral, circunstancias da prestación, clase ou extensión da débeda ou á falta de calquera outro requisito procesual ou substantivo» (parágrafo primeiro do art. 23.5. da LRXS). Obviamente, os xuíces deberán resolver acerca de todas as cuestións formuladas polo FOGASA no preito, o cal, se fosen estimadas, «dará lugar ao pronunciamento que corresponda ao motivo de oposición alegado, segundo a súa natureza, e á exclusión ou redución da débeda, e afecta a todas as partes» (parágrafo primeiro *in fine* do art. 23.5 da LRXS).

Se se trata de excepcións de caducidade ou prescrición da acción, a súa estimación dará lugar á absolución do empresario e do FOGASA, e iso con independencia de se as alegou un ou o outro, ou de se a caducidade se apreciou de oficio. Non obstante, se se aprecia a interrupción da prescrición por existir unha reclamación extraxudicial fronte ao empresario ou o recoñecemento por este da débeda, tales circunstancias non terán efectos interruptivos da prescrición fronte ao FOGASA e este será absolto, sen prexuízo do pronunciamento que proceda fronte ao empresario, agás que o recoñecemento da débeda tivese lugar ante un servizo administrativo de mediación, arbitraje ou conciliación, ou en acta de conciliación nun proceso xudicial, en cuxo caso a interrupción da prescrición tamén lle afectará ao FOGASA (parágrafo segundo do art. 23.5 da LRXS).

Non entanto, se non utilizou no momento procesual oportuno as súas facultades procesuais, o FOGASA non poderá cuestionar con posterioridade o decidido na sentenza xudicial. Tal vinculación non coñece matices naqueles supostos de intervención necesaria do FOGASA, como así ordena o art. 23.6 da LRXS, de tal maneira que nun hipotético proceso posterior relativo á súa responsabilidade o FOGASA se encontrará con que a sentenza goza do efecto (positivo ou negativo) da cousa xulgada material *ex* art. 222.1 e 4 da LAC. Nos demais casos, é dicir, cando a intervención sexa voluntaria, e iso tanto se compareceu como se non, o FOGASA tamén estará vinculado «no procedemento relativo á prestación de garantía e ante o traballador polo título xudicial que determinase a natureza e contía da débeda empresarial, sempre que concorran os requisitos para a prestación de garantía salarial e sen prexuízo dos recursos ou impugnacións que puidese ter deducido no procedemento seguido fronte ao empresario, aínda que poderá exercer accións contra quen considere verdadeiro empresario ou grupo empresarial ou calquera persoa interposta ou contra aqueles que puidesen ter contribuído a xerar prestacións indebidas de garantía salarial» (igualmente, art. 23.6 da LRXS).

6.3. O proceso de reclamación de prestacións de garantía salarial

A determinación da concorrencia dos requisitos necesarios para a prestación de garantía salarial, segundo o disposto no artigo 33 do ET, «non será obxecto do procedemento xudicial que se dirixa contra o empresario para a determinación da débeda, senón do procedemento administrativo ante o Fondo de Garantía, e se é o caso, do proceso xudicial ulterior que resolva sobre a solicitude de prestación de garantía salarial» (parágrafo terceiro do art. 23.5 da LRXS). E é que, determinada a débeda no xuízo seguido contra o/a empresario/a, coa intervención necesaria ou voluntaria do FOGASA, ou sen a súa

intervención, o/a traballador/a debe reclamarlle as prestacións de garantía salarial ao FOGASA, que seguirá un expediente administrativo cuxa resolución pode ser impugnada ante a xurisdición social. Será nese procedemento seguido contra o FOGASA –pois non é necesario demandar o/a empresario/a– onde se discutirá a concorrencia dos requisitos necesarios para a prestación de garantía salarial, segundo o disposto no artigo 33 do ET.

Pensando neste procedemento, o art. 23.7 da LRXS establece unha rechamante presunción *iuris tantum* segundo a cal «as afirmacións de feito contidas no expediente e nas cales se fundamentase a resolución deste farán fe, salvo proba en contrario» nos «procedementos seguidos contra o Fondo de Garantía Salarial ao abeiro da lexislación laboral». A respecto disto mantivo o Tribunal Constitucional que «non vulnera o principio de igualdade o lexislador cando recorre á técnica das presuncións legais tras valorar a confianza depositada nun órgano público [...] e menos aínda se se lle permite á parte contraria destruír a presunción legal mediante a oportuna actividade probatoria»; ora ben, cando «a orixe da obriga de pagamento subsidiario do Fondo proceda do recoñecemento das indemnizacións nunha sentenza previa, as circunstancias de feito que consten probadas nela deben prevalecer para os efectos probatorios na posterior reclamación xudicial contra o FOGASA fronte ás que figuren no expediente administrativo» (STC 90/1994, do 17 de marzo).

6.4. Remisión de antecedentes

En último lugar, o art. 23 da LRXS –de contido altamente heteroxéneo, como vimos– contén no apartado 8 dúas regras que deberon encontrar quizais a súa situación sistemática noutro lugar da lei, por exemplo, ao tratar as probas. Segundo a primeira, e co fin de lle proporcionar ao xulgador todos os elementos de xuízo necesarios en preito para que as partes obteñan unha tutela xudicial realmente efectiva, habilitase os xuíces e tribunais para solicitaren do FOGASA –mesmo sen que sexa parte no preito– os «antecedentes de que dispoña en relación cos feitos obxecto do procedemento nos procesos en que puidese derivarse responsabilidade para o devandito organismo». Segundo a segunda, o propio FOGASA, aínda que non se presentase nas actuacións, «poderá igualmente achegar os devanditos antecedentes [...] en canto poida afectar á prestación de garantía salarial, e para os fins de completar os elementos de coñecemento do órgano xurisdicional na resolución do asunto» (art. 23.8 da LRXS).

6.5. Pagamento de prestacións polo FOGASA

O art. 33.4 do ET establece, a favor do FOGASA, o dereito ao reembolso fronte ao empresario das cantidades satisfeitas aos traballadores, para cuxo efecto se subrogará obrigatoriamente nos dereitos e accións destes e tales cantidades conservarán o carácter de créditos privilexiados. Coa finalidade de facer efectivo ese dereito ao reembolso, a LRXS establece que «se o pagamento das prestacións legalmente a cargo do Fondo de Garantía Salarial se tiver producido con anterioridade ao inicio da execución, ao se instar esta, en subrogación dos dereitos e accións dos traballadores que figuren no título executivo, deberase acreditar fidedignamente o aboamento das cantidades satisfeitas e que estas corresponden, en todo ou en parte, ás recoñecidas no título» (art. 24.1 da LRXS). Despachada a execución, o secretario xudicial ditará decreto en que conste a subrogación producida, «que se notificará aos traballadores afectados ou aos seus representantes, aos cales, por se puideren conservar créditos derivados do propio título fronte á empresa executada pola parte non satisfeita polo Fondo, se lles ofrecerá a posibilidade de se constituír como executantes no prazo de quince días», e «as cantidades obtidas aboaranse rateadas entre o Fondo e os traballadores en proporción aos importes dos seus respectivos créditos» (art. 24.2 da LRXS).

7. Principio de gratuidade e proceso laboral

7.1. Dereito á xustiza gratuíta

Con anterioridade á LAXG, a LPL establecía no seu art. 25 que «a xustiza se administrará gratuitamente, ata a execución de sentenza», aínda que, a pesar da ampla redacción, isto só se aplicaba á instancia, pois en suplicación e en casación había custas, como as segue habendo segundo o actual art. 235 da LRXS. Fronte a ese sistema obxectivo de gratuidade do proceso para todos os que nel interveñen, a LAXG –que derrogou o art. 25 da LPL– optou por un sistema subxectivo de recoñecemento do dereito á xustiza gratuíta a certos suxeitos, en liña co establecido no art. 119 da Constitución española, onde se distingue o dereito á xustiza gratuíta por recoñecemento legal e por insuficiencia de recursos para litigar. Así as cousas, o proceso laboral deixou de ser de balde para os intervenientes, aínda que, pola amplitude con que se proxectan sobre o proceso laboral os supostos de recoñecemento legal do dereito á xustiza gratuíta abranguidos na LAXG, siga séndoo para a maioría dos que nel interveñen; e, para os que non o sexa, cabe solícialo pola insuficiencia de recursos para litigar.

a) Por recoñecemento legal, a xustiza gratuíta recoñéceselles aos seguintes suxeitos na orde social: 1) as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social; 2) os traballadores e beneficiarios do sistema da Seguridade Social, tanto para a defensa en xuízo como para o exercicio de accións para a efectividade dos dereitos laborais nos procedementos concursais; 3) as vítimas de violencia de xénero naqueles procesos que teñan vinculación con súa condición de vítimas, ou deriven ou sexan consecuencia de tal condición; e 4) os que a causa dun accidente acrediten secuelas permanentes que lles impidan totalmente a realización das tarefas da súa ocupación laboral ou profesional habitual e requiran a axuda doutras persoas para levaren a cabo as actividades máis esenciais da vida diaria, cando o obxecto do litixio sexa a reclamación de indemnización polos danos persoais e morais (art. 2 da LAXG).

Lembremos, ademais, que gozarán do beneficio legal da xustiza gratuíta: 1) os sindicatos cando exerciten un interese colectivo en defensa dos traballadores e beneficiarios da Seguridade Social (art. 20.4 da LRXS); e 2) os funcionarios e o persoal estatutario na súa actuación ante a orde xurisdiccional social como empregados públicos nos mesmos termos que os traballadores e beneficiarios do sistema da Seguridade Social (art. 21.5 da LRXS), co cal estamos ante outros recoñecementos legais do dereito á xustiza gratuíta que deberían estar na LAXG, e non na LRXS.

b) Por insuficiencia de recursos para litigar, a xustiza gratuíta recoñéceselles aos seguintes suxeitos na orde social: 1) os cidadáns españois, os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e os estranxeiros que se atopen en España, cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar; e 2) as asociacións de utilidade pública e as fundacións inscritas no rexistro público correspondente, cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar (art. 2 da LAXG, en relación cos seus arts. 3 a 5, onde se define o que é esa insuficiencia, e cos seus arts. 9 a 21, onde se regula a competencia e o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta). Dada a amplitude da xustiza gratuíta por recoñecemento legal na orde xurisdiccional social, o dereito á xustiza gratuíta por insuficiencia de recursos para litigar soamente resulta aplicable aos empresarios.

Segundo o art. 6 da LAXG, no que resulta aplicable ao procedemento laboral, o contido do dereito á asistencia xurídica gratuíta sinteticamente comprende as seguintes prestacións: 1) asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso para aqueles que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses, cando teñan por obxecto evitar o conflito procesual ou analizar a viabilidade da pretensión; 2) defensa

e representación gratuítas por avogado/a e procurador/a no procedemento xudicial, cando a intervención destes profesionais sexa legalmente preceptiva ou cando, non o sendo, sexa expresamente requirida polo xulgado ou tribunal mediante auto motivado para garantir a igualdade das partes no proceso (o cal se traduce, no proceso laboral, na defensa e representación gratuíta por avogado/a no procedemento xudicial, e así se deriva do que se afirma no art. 21.4 da LRXS); 3) inserción gratuíta dos anuncios ou edictos que, no curso do proceso, deban publicarse en periódicos oficiais preceptivamente; 4) exención do pagamento de taxas xudiciais, así como do pagamento de depósitos necesarios para a interposición de recursos; 5) asistencia pericial gratuíta; 6) obtención gratuíta de copias, testemuños, instrumentos e actas notariais; e 7) redución do 80%, ou exención se o interesado acredita ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional, de determinados dereitos arancelarios.

Introduce a LRXS dúas precisións extensivas no tocante ao contido da xustiza gratuíta no art. 6 da LAXG. Unha, a exención da obriga de constituír os depósitos, caucións, consignacións ou calquera outro tipo de garantía previsto nas leis para recorrer, que se lles reconece aos sindicatos e aos que tivesen reconecido o beneficio de xustiza gratuíta, esténdese así mesmo ao Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes deles, e tamén ás entidades de dereito público reguladas pola súa normativa específica e os órganos constitucionais (art. 229.4 da LRXS). Dúas, non se imporán custas nos recursos de suplicación e casación a aqueles que gocen do beneficio da xustiza gratuíta ou cando se trate de sindicatos, ou de funcionarios públicos ou persoal estatutario que deban exercitar os seus dereitos como empregados públicos ante a orde social (art. 235.1 da LRXS).

7.2. As taxas xudiciais

A Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses, introduciu unhas taxas no proceso laboral que gravan exclusivamente a interposición de recursos de suplicación e casación⁵, nunha contía fixa de 500 € para o primeiro e 750 € para o segundo, á cal se sumará unha contía variable determinada en función do 0,5% da contía do litixio até un millón de euros, e do 0,25% no que exceda,

⁵ Co cal queda exento o procedemento en instancia.

cun máximo total de 10 000 € de contía variable. A norma prevé expresamente a esixencia desas taxas xudiciais aos traballadores, malia que cunhas determinadas reducións porcentuais. Ora ben, lembremos que a LAXG mantén o dereito dos traballadores á xustiza gratuíta por recoñecemento legal, e este leva aparellada como contido legal a exención do pagamento de taxas xudiciais. Ante tal manifesta contradición, o Pleno da Sala do Social do Tribunal Supremo, no Acordo non xurisdiccional do 5 de xuño de 2013, conveu que as taxas xudiciais non eran esixibles aos traballadores nos recursos de suplicación e casación, solución que estendeu aos beneficiarios da Seguridade Social, aos funcionarios ou persoal estatutario, así como aos sindicatos. Deste modo, as taxas xudiciais aplícanse exclusivamente ás empregadoras sen dereito á xustiza gratuíta e só para a suplicación e a casación.